

**COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS  
LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**ACTA nº 3**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

Xerente  
Manuel Fernández Jauregui

Xefe                      Servizo  
José M. Fernández Viña

Redacción de acta  
María Isabel Fernández Uría

PAS

**REPRESENTANTES SINDICAIS**

**Comité de Empresa Ourense**

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)  
José M. García Eirín (CIG)

**Comité de Empresa Pontevedra**

Marcos Estévez Orge (CCOO)  
Federico Fernández Fernández (CIG)  
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

**Xunta de PAS Funcionario**

Xoan Cebro Rodríguez (CIG), presidente  
María José Ríos Santomé (CIG), secretaria  
Benedicta Expósito González (CIG, escusa a  
súa asistencia)  
José A. Gándara Pérez (CIG, escusa a  
súa asistencia)  
Mónica Zas Varela (CIG)  
Miguel Ángel Cabañas Díaz (UGT, escusa a  
súa asistencia)  
Alejandro Cadabón Figueroa (UGT, escusa a  
súa asistencia)  
Mónica Méndez López (UGT)  
Ruth Velasco Martínez (UGT)

Os membros a Comisión tripartita para a negociación da funcionarización do PAS laboral reuníronse ás 12:30 horas, do 20 de xullo de 2017 na Xerencia, coa seguinte


**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación da acta nº 2 da comisión tripartita de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.**

O Xerente informa que a CIG do PAS funcionario presentou alegacións á acta o día anterior a esta reunión, polo que loxicamente non puideron ser revisadas e por iso se debe pospor a aprobación.

**2. Negociación da proposta de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.**

O Xerente resume as dúas reunións previas desta comisión e lembra que a funcionarización é tamén un compromiso do Reitor, polo que resulta esencial coñecer a posición das partes e se teñen interese en avanzar, como si o ten a Xerencia, para a que constitúe un obxectivo primordial.



O Presidente do Comité de Empresa Pontevedra (CEPO) afirma que o PAS laboral e o comité que o representa comparten este interese.

Rodrigo Albarte tamén afirma o interese do Comité de Empresa Ourense (CEO) por acadar un acordo de funcionarización.

O presidente da Xunta do PAS di que concluída a execución da RPT existe un novo sistema de xestión, que faltaría o concurso dos laborais para ter a foto fixa. A Universidade de Santiago fixo unha proposta de funcionarización, unha proposta retributiva e outra de adaptación. Que poden chegar a un acordo de respecto do PAS funcionario e laboral. A Universidade da Coruña incluíu a promoción interna na funcionarización. Di que a este equipo de goberno lle quedan 7 meses e que a funcionarización é un proceso complexo e longo, que se debe facer ben; a Xunta do PAS non está en contra de facela pero respectando os dereitos dos funcionarios.

O Xerente indica que as dúas RPTs (do PAS funcionario e laboral) elaboráronse co obxectivo de facilitar a funcionarización, en termos de compatibilidade, cara a unha única RPT conxunta, que será o resultado final.

O presidente da Xunta PAS sostén que na USC calcularon o aforro e o investiron na mellora do PAS funcionario e laboral e que deben ser os laborais os que digan se están de acordo coa proposta da Xerencia.

O Presidente do CEPO sinala que os comités xa acordaron coa xerencia os aspectos previos para chegar a esta fase do proceso de funcionarización, no que se debía incorporar a Xunta do PAS, e por iso se creou esta comisión tripartita.


O presidente da Xunta PAS indica que farán unha contraproposta.

O Xerente pregunta se a presentarán en setembro.

O presidente da Xunta PAS contesta que en setembro presentarán a resposta á Oferta de Emprego Público e faran unha proposta sobre a funcionarización.

O Xerente expresa que despois de que se reciba a achegarán aos comités de empresa e se convocara unha nova reunión antes de que remate o mes de setembro.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 13:00 horas.

The image shows four distinct handwritten signatures in blue ink. One is a large, sweeping signature on the left. Another is a more compact signature in the center. A third is a signature on the right side. The fourth is a signature at the bottom left, partially overlapping the text area.